

CÓDIGO DE CONDUCTA DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCIEROS TEMPORAIS.

Aprobado polo Padroado da Fundación en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2018

1.- Obxecto do Código de Conducta.

O presente Código de Conducta ten como obxecto fundamental regular a actuación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia na realización de investimentos financeiros temporais no ámbito do Mercado de Valores, e se aplicará nos seus mesmos termos aos investimentos financeiros temporais en forma de depósito, cesión temporal de activos financeiros, prestamos ou outras actividades análogas que leven aparellada a obriga da súa restitución e que non estean suxeitas ás normas de ordenación e disciplina do mercado de valores.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia é unha fundación do sector público autonómico galego, o que obriga a que a xestión de ditos investimentos deba estar claramente marcado polo principio de prudencia.

Os principios básicos da política de investimento da Fundación Cidade da Cultura de Galicia son, en primeiro lugar, a salvagarda do seu patrimonio; en segundo lugar, o mantemento da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade fundacional, e, por último, a obtención dunha rendibilidade axeitada en función das condicións imperantes no mercado.

Soamente poderá ser obxecto de investimento financeiro temporal os saldos que arroxen o Fondo Gaiás da Empresa Galega, considerando ás condicións de indispoñibilidade do propio fondo de acordo co Proxecto de distribución dos bens e dereitos resultantes da liquidación da Fundación Gaiás-Cidade da Cultura, aprobado polo Padroado da Fundación con data 19 de xuño de 2015, e en execución dos acordos adoptados en dito padroado, segundo consta na Escritura outorgada o 3 de novembro de 2015, ante o Notario de Madrid, D. Francisco Miras Ortíz, co número 3.903 do seu protocolo.

Os fondos depositados nas contas correntes da extinta Fundación pasaron a ser de titularidade da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, ao ostentar esta a condición de beneficiaria de acordo co previsto nos artigos 16 e 25 da Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos. Agora ben, este carácter de beneficiario ten unhas condicións en canto a disposición dos fondos (denominado Fondo Gaiás da Empresa Galega), de xeito que a partir do 1 de xaneiro de 2016, a Fundación Cidade da Cultura poderá realizar disposición de fondos en cada exercicio polos seguintes importes máximos:

No exercicio 2016: 1.500.000,00 €

No exercicio 2017 e seguintes: 1.000.000,00 €

2.- Definición.

Enténdense por investimentos financeiros temporais aqueles investimentos financeiros que teñan tal condición segundo o Plan Xeral de Contabilidade sempre que se trate de investimentos en activos con vencemento non superior a un ano, así como aqueles activos a maior prazo que se adquiran ou manteñan coa finalidade de beneficiarse a curto prazo das variacións nos seus prezos.

Por valores mobiliarios e instrumentos financeiros hai que entender aqueles comprendidos no artigo 2 da Lei de Mercado de Valores, e as participacións en institucións de investimento colectivo.

3.- Principios de xestión dos investimentos financeiros temporais.



A condición de fundación do sector público autonómico fai prioritario que a selección dos investimentos financeiros se realice baixo os principios ineludibles de seguridade, liquidez e rendibilidade, vixiando o necesario equilibrio entre estes tres principios, atendendo ás condicións do mercado no momento da súa contratación.

- **Seguridade.**- *Non deberán acometerse aqueles investimentos nos que exista dúbida razoable en torno á capacidade de recuperación, ou non contén coas debidas garantías.*
- **Liquidez.**- *Considerando as características do denominado Fondo Gaiás da Empresa Galega, o requisito da dispoñibilidade inmediata está condicionado polo límite máximo anual de utilización, sinalado no acordo descrito na cláusula un deste Código. Calquera acordo de investimento deberá respectar a utilización inmediata do importe máximo anual de disposición de fondos.*
- **Rendibilidade.**- *O cumprimento dos obxectivos e fins contidos neste Código esixe que o criterio básico que ten que manter a actividade financeira da Fundación sexa o da obtención dunha rendibilidade axeitada, tendo en conta as condicións normais do mercado para cada un dos activos en cuestión.*

4.- Límites da Xestión.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia unicamente poderán realizar investimentos financeiros temporais en activos de renda fixa ou en fondos garantidos nos que a recuperación mínima do capital invertido sexa igual ou superior ao 98%, e o mínimo risco de perda do capital restante, sexa sempre compensado cos beneficios obtidos pola rendibilidade variable obtida na totalidade do período temporal e ligado á evolución dun índice bursátil, accións ou outros tipos de activos.

A Fundación poderá decidir a contratación de asesoramento profesional dos terceiros que, ao seu xuízo, ofrezan garantías suficientes de competencia profesional e independencia. Evitarase a realización de operacións que responsan a un uso meramente especulativo dos recursos financeiros, polo que deberán ser obxecto de especial explicación as operacións sinaladas no punto II.3 do Acordo do 20 de novembro de 2003, da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5.- Competencia.

Baixo a necesaria supervisión do Padroado, será competencia da Xerencia, baixo informe da Dirección Económico-Financeira, a realización dos investimentos financeiros, coa observación dos principios que se recollen no presente Código de Conducta. Os directivos da Fundación deberán manter, en todo momento, un alto grado de profesionalidade, interesándose activamente polos asuntos que afecten á entidade e desenvolvendo o seu traballo con dilixencia.

6.- Comunicación ao Padroado e ao Protectorado.

Anualmente, e con motivo da presentación de contas anuais, a Xerencia informará ao Padroado dos investimentos financeiros que se teñan realizado durante o exercicio correspondente, dos rendementos obtidos e do seu destino. Igualmente, a Fundación emitirá un informe acerca do grao de cumprimento do Código de Conducta, que se remitirá ao Protectorado xunto coas contas anuais, debendo incluír no primeiro informe anual a transcripción literal dos acordos que no presente documento se recollen, alcanzados polo órgano de goberno para tomar razón da súa publicación e vixencia do Código de Conducta, e adoptar, no seu caso, as medidas conducentes a seguir os seus principios e recomendacións.